



Facultade de Humanidades de Lugo

**Traballo de Fin de Grao
HISTORIA CONTEMPORÁNEA**

*A utilización do modelo
espartano na educación nazi*

Alumna: Virginia Mosteiro Cagide

Titora: Pilar López Rodríguez

XUÑO 2022

TFG presentado para a obtención do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural na
Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela

Grazas por demostrarme que a dedicación e o esforzo teñen a súa recompensa. Sei que estás orgulloso, Lelo.

Grazas Anto por todas as horas nas que me escoitaches ler infinitas veces cada parágrafo sen entender galego.

Mamá, Adri e papá sodes o motor da miña vida. Grazas polo voso apoio incondicional e por confiar sempre nas miñas decisións.

ÍNDICE

RESUMO	4
OBXECTIVOS E METODOLOXÍA	5
INTRODUCCIÓN	7
A EDUCACIÓN EN ALEMAÑA: 1918 - 1945	9
República de Weimar: 1918 - 1933	9
Terceiro Reich: 1933 - 1945	11
A UTILIZACIÓN DO MODELO ESPARTANO NA EDUCACIÓN NAZI	14
Instrución feminina	14
Instrución militar	18
Instrución moral	22
Instrución racial	26
CONCLUSIÓN	30
ANEXOS	32
BIBLIOGRAFÍA	37

RESUMO

Para a realización deste TFG, levouse a cabo unha análise das relacións existentes entre o sistema educativo espartano e a educación alemá nun período histórico concreto (1939-1945). O nacionalsocialismo foi difundido e asentado na mente da xuventude, que defendeu ata a súa caída ao Estado nazi e á figura do *Führer*, mediante a revisión deste modelo clásico.

Esparta caracterizouse por instaurar un sistema educativo-militar marcado pola formación de guerreiros sanguinarios que gañaron guerras decisivas e a converteron nunha das *polis* máis poderosas. Pola súa parte, Alemaña non podía recorrer a un pasado memorable para se identificar e impoñerse sobre as demais potencias nun contexto de derrota, polo que cobraron unha grande importancia as teorías de superioridade racial que defendían unha descendencia compartida, así como unha ensinanza baseada na exaltación de comportamentos antisemitas, o adoutramento militar e a glorificación dos valores do pobo espartano. Este discurso recrutou a moitos rapaces alemáns desencantados trala derrota na Primeira Guerra Mundial, animándoos e preparándoos para formar parte dun novo movemento: o nazismo.

PALABRAS CLAVE:

NACIONALSOCIALISMO, NAZISMO, ALEMAÑA, EDUCACIÓN, ESPARTA, MILITARISMO, INSTRUCIÓN RACIAL, ANTISEMITISMO, ADOUTRINAMENTO

OBXECTIVOS E METODOLOXÍA

O nazismo sempre é un tema recorrente na historiografía. Por ese motivo, existen numerosos estudos sobre a ideoloxía nacionalsocialista, a política e a economía do Terceiro Reich, a vida de Hitler, Goebbles e Himmler ou a persecución e exterminio xudeu. Non obstante, o sucedido entre 1933 e 1945 causa aínda a día de hoxe un grande interese en moitas persoas. Eu entre elas.

Resulta complexo entender como é posible que unha ideoloxía que fai apoloxía de discursos xenófobos, da violencia, da censura, da represión política e da limpeza étnica chegara a asentarse ata o punto de ser aceptada case sen ser cuestionada. No meu primeiro ano de universidade, intentando entender esta cuestión, tiven a oportunidade de elaborar un traballo para a materia de Historia Antiga, impartida pola profesora Dolores Dopico, sobre *A educación dos espartanos: fundamento da ideoloxía alemá*.

A vinculación de Alemaña co mundo clásico e, en concreto, con Esparta non foi casualidade. Na Europa Contemporánea, a Antiga Grecia xa era presentada como o berce da civilización occidental e é aí onde o historiador Johann Chapoutot, entre outros, centra o tema da súa obra *Greeks, Romans, Germans: How the Nazis Usurped Europe's Classical Past*¹. Xustamente, a súa lectura foi a que espertou en min a curiosidade por comprender un deses mecanismos que os nazis utilizaron para consolidar a súa ideoloxía na mente da xuventude: a educación.

Catro anos máis tarde, atópome nunha tesitura semellante: decidín repetir este exercicio de comparación histórica dende unha perspectiva máis madura e esta vez animada e apoiada pola miña titora Pilar López. A nivel académico, gustaríame difundir e presentar de forma coherente e rigorosa as conclusións ás que cheguei lendo fontes de diversa natureza: libros de historia, artigos de opinión, informes oficiais, testemuños, etc.

En definitiva, con este Traballo de Fin de Grao busco dar a coñecer os cambios que se produciron na educación alemá situándonos nun período histórico concreto, entre

¹ CHAPOUTOT, J. (2016). *Greeks, Romans, Germans: How the Nazis Usurped Europe's Classical Past*. California: University of California Press.

1939 e 1945, así como as razóns que explican por que se levaron a cabo tales medidas e como cumpriron ou non os seus obxectivos previstos.

INTRODUCCIÓN

Moitos alemáns, defraudados pola crítica situación económica e política durante a República de Weimar, estaban convencidos de que as promesas nacionalsocialistas de “purificación” e “rexeneración” eran unha vía oportuna para superar a crúa realidade na que se atopaba sumida Alemaña trala Primeira Guerra Mundial.

Non obstante, un réxime como o nazi non se establece nun día: fan falta anos de propaganda, así como unha proposta de transformación política, social e económica moi meditada. Deste xeito, aínda que Hitler foi nomeado chanceler en 1933, esta ideoloxía xa contaba cun plan de acción dende os anos vinte, no que se defendían ideas nacionalistas, pseudo-socialistas e anti-capitalistas, xuízos racistas e antisemitas e discursos de expansión territorial².

Unha vez que Hitler chegou ao poder contou co respaldo do *Nationalsozialistische Deutsche Arbeiterpartei*, o partido nacionalsocialista, e instaurouse o que se coñece como o Terceiro Reich. O obxectivo principal era o que se coñece como *Gleichschaltung*, é dicir, a *nazificación* de todos os aspectos da cultura e sociedade alemás³. Por ese motivo, os defensores do ideario nacionalsocialista recorreron a todos os mecanismos posibles para penetrar na consciencia do pobo alemán, intentando controlar así todas as facetas da súa vida, dende o fogar e o traballo ata o ocio, a cultura e a educación.

Con respecto a este último aspecto, débese ter en conta que as escolas e as organizacións xuvenís convertéronse en verdadeiros centros *aleccionadores*, xa que a través delas o Terceiro Reich conseguiu dar forma ás mentes dos máis novos, integrándoos no sistema de normas e valores do nacionalsocialismo. Ademais, a xuventude alemá foi concienciada e convencida dunha suposta superioridade,

² ZADOFF, E. (2004). La ideología nazi y sus raíces. *SHOÁ, Enciclopedia del Holocausto*, p. 3. https://www.yadvashem.org/yv/es/holocaust/about/docs/nazi_racial_ideology_fraenkel.pdf

³ BROWN, S. T. (2009). Chapter 5: Between Gleichschaltung and Revolution. En *Weimar Radicals: Nazis and Communists between Authenticity and Performance*, p. 123. Berghahn Books. https://www.berghahnbooks.com/downloads/chapters/BrownWeimar_05.pdf

xustificando así a necesidade de defender a raza aria e conservar o seu legado para as futuras xeracións⁴.

Neste sentido, as ideas de raza perfecta defendidas dous mil anos antes pola *polis* espartana influenciaron fortemente na educación de Alemaña entre 1939 e 1945, permitíndolle ao nazismo exaltar un pasado común para acreditar a súa doutrina e establecer un sistema de aprendizaxe similar. Todo isto coa finalidade de converter aos nenos alemáns en cidadáns exemplares e soldados leais.

Así pois, este conglomerado de ideas acerca de raza, sociedade e historia compartida con Esparta consolidaron no Terceiro Reich unha identidade propia baseada no orgullo nacional, a pureza racial e un sentimento de lealdade levada ao extremo⁵.

⁴ KEELEY, J. (1974). *Life in the Hitler Youth*, p. 43. California: Lucent Books. <https://media.oaipdf.com/pdf/413d76a7-4fb3-45bf-a1a7-ba4b32e70ffc.pdf>

⁵ PINE, Lisa (2010). *Education in Nazi Germany*. Londres: Bloomsbury. Lido en formato dixital sen paxinación en <https://www.perlego.com/>

República de Weimar: 1918 - 1933

Dende a década dos vinte, a escola pública estaba totalmente estendida polo territorio alemá e o profesorado contaba cun alto índice de profesionalización⁶. Ademais, durante a República de Weimar (1919 - 1933), produciuse un intenso debate no ámbito da pedagogía co obxectivo de eliminar as barreiras sociais dentro do sistema escolar, así como as divisións dos colexios por motivos de confesión relixiosa⁷.

Por estas razóns, son moitos os autores e, neste caso, autoras que coinciden en que Alemaña contaba cun sistema educativo moi adiantado en comparación con outros países europeos a principios do século XX. Ao igual que Ossenbach, Erika Mann (2014) na súa obra autobiográfica *School for Barbarians*⁸ da testemuña desta realidade:

“As escolas alemás gozaban do respecto do mundo: a relación entre profesores e alumnos, especialmente xusto despois da guerra, era humana e digna e os propios profesores eran distinguidos pola súa minuciosidade, disciplina e exactitude científica. As escolas primarias e secundarias (Gymnasien) e universidades estaban abertas a todos e as súas tarifas de matrícula foron canceladas para estudantes talentosos con recursos limitados. Algúns colexios, como os mellores internados, situados en fermosos lugares e ambientes saudables, empregaban métodos modernos que lles permitían aos mestres e aos alumnos sentarse nos xardíns e ter leccións mediante conversacións estimulantes ou facer excursións por montes e campos próximos. Tamén acudían a representacións en teatros e vían películas para complementar os cursos de ciencias naturais, historia e xeografía”.

Neste contexto, unha das reformas máis importantes foi a chamada *Grundschule* que estableceu a escola obrigatoria para todos os nenos alemáns desde os 6 ata os 10

⁶ OSSENBACH, S. G. (2012). Capítulo 9: La educación en el fascismo italiano y el nacional-socialismo alemán. En *Historia de la Educación. Edad Contemporánea*, p. 213. UNED. [file:///C:/Users/USER/Downloads/Historia%20de%20la%20educaci%C3%B3n%20\(edad%20contempor%C3%A1nea\)%20\(Tiana%20Ferrer%20etc.\)%20\(z-lib.org\)%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/USER/Downloads/Historia%20de%20la%20educaci%C3%B3n%20(edad%20contempor%C3%A1nea)%20(Tiana%20Ferrer%20etc.)%20(z-lib.org)%20(1).pdf)

⁷ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* pp. 213-214.

⁸ MANN, E. (2014). *School for Barbarians*. Estados Unidos: Literary Licensing. Lido en formato dixital sen paxinación en <https://www.perlego.com/>

anos. En consecuencia, fóronse eliminando paulatinamente as escolas privadas nos niveis máis básicos de ensinanza⁹.

Unha vez concluída a *Grundschule*, o resto do programa educativo era completado noutros tipos de escolas: a *Volksschulen* (escolas populares), a *Mittelschulen* (escolas medias) ou o *Gymnasium* (escolas de secundaria superior). Todo este sistema levou á estatalización e unificación do sistema escolar. Ademais, alcanzáronse importantes aperturas democráticas, xa que se empezou a ter en conta as escolas para mulleres, sendo este un primeiro intento de equiparalas ás masculinas¹⁰.

⁹ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 214.

¹⁰ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 214.

Terceiro Reich: 1933 - 1945

No relativo á estrutura do sistema escolar, o nacionalsocialismo aproveitou a organización unificada e estatalizada herdada da República de Weimar para difundir unha suposta mensaxe de igualdade, mantendo a organización educativa dos anos vinte con pequenos cambios.

En 1938, foi ditada a *Lei sobre a Obrigatoriedade da Escolarización* que ampliou a obrigatoriedade escolar a 11 anos, modificando así o programa escolar¹¹: durante catro anos cursábase a *Grundschule*; durante outros catro, a *Volksschule* e, finalmente, os tres últimos eran completados na *Berufsschule* (escola profesional).

Ademais, as escolas medias e de secundaria superior cobraron unha maior importancia, xa que nelas se formaban aos futuros profesionais dedicados á administración e á economía do réxime. Neste sentido, o número de *Gymnasium* foi decrecendo, manténdose só aquelas que estaban situadas en importantes cidades ou centros administrativos e nas que primaban unicamente criterios de selección raciais e de fidelidade política, acentuando así o seu carácter elitista¹².

Hai que ter en conta tamén que a política educativa nazi mostrou un grande interese pola ensinanza profesional, entendéndoa como unha forma de reducir o desemprego xuvenil e a crise económica que atravesaba o país nese momento. Así mesmo, foron creadas outras escolas de elite, destinadas exclusivamente á formación dos altos mandos do partido nazi. Entre elas, pódense destacar os *Nationalpolitische Erziehungsanstalten*, tamén coñecidos como *Napolas*, internados que estaban baixo a supervisión das SS, e as *Adolf-Hitler-Schulen*, que dependían do *Deutsche Arbeitsfront* ou Fronte Alemán de Traballo¹³.

Malia que externamente a estrutura do sistema escolar non sufriu transformacións demasiado evidentes con respecto á época de Weimar, durante o Terceiro Reich, o nacionalsocialismo introduciu o seu discurso nas escolas. O obxectivo era adoutrinar ao alumnado para facelos “*pensar exclusivamente como alemáns, sentir*

¹¹ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 216.

¹² OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 216.

¹³ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 217.

*exclusivamente como alemáns e comportarse exclusivamente como alemáns”*¹⁴. Esta imposición ideolóxica afectou ao interior das institucións e programas escolares:

- O profesorado foi supeditado ás distintas organizacións do partido nazi e sometido a un estrito control ideolóxico¹⁵.
- As asociacións estudiantís foron abolidas, creándose unha única asociación nacionalsocialista de estudantes e outra de mestres¹⁶.
- O alumando foi obrigado a participar en distintos servizos sociais e militares, así como en actividades deportivas e organizacións xuvenís, destacando o *Reichsarbeitsdienst* (RAD), coñecido como o Servizo de Traballo do Reich, no que se integraban ao cumprir os 18 anos¹⁷.
- Todas as materias estaban orientadas cara a temas militares, glorificando o servizo militar e os líderes alemáns.
- Predominou unha ideoloxía racista, polo que as persoas que pertencían a certas etnias eran marxinadas e impedíaseles acceder ás escolas e ocupar postos docentes¹⁸.
- A nova orientación dos plans de estudos reforzou certas materias, como a historia, a xeografía, a bioloxía ou os deportes, todas elas dende unha posición política e social afín ao réxime¹⁹.

En suma, todas estas accións estaban encamiñadas cara a un mesmo fin: consolidar e propagar o nacionalsocialismo²⁰. Pódese afirmar entón que a educación se converteu nun claro mecanismo de propaganda política mediante o cal o partido nazi

¹⁴ DÍEZ ESPINOSA, J. R. (2011). Capítulo 1: La Comunidad Nacionalista, escuela de pequeños héroes. En *Héroes y villanos en la Historia*, p. 17. Cádiz: Ubi Sunt.

¹⁵ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 217.

¹⁶ OSSENBACH, S. G., *op. cit.* p. 217.

¹⁷ TAYLOR, J. e SHAW, W. (1987). *Dictionary of the Third Reich*, p. 82. Londres: Grafton.

¹⁸ PÉREZ, G. (2002). Origen y evolución de la Pedagogía Social. *Segunda época, Revista universitaria*, nº 9, p. 218. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-OrigenYEvolucionDeLaPedagogiaSocial193-995026.pdf>

¹⁹ TAYLOR, J. e SHAW, W., *op. cit.* p. 82.

²⁰ PÉREZ, G., *op. cit.*, p. 218.

transformou aos mozos alemás nos protagonistas dos seus discursos, atraendo a todos aqueles estudantes desilusionados coa República.

Instrución feminina

En primeiro lugar, débese ter en conta que a educación dirixida aos nenos e ás nenas era diferente. Tanto en Esparta como na Alemaña nazi considerábase que as mulleres estaban destinadas a un propósito distinto e, polo tanto, debían ocupar un rol específico: ser as nais do exército máis poderoso do seu tempo²¹.

Así pois, Joseph Goebbels no seu primeiro discurso como Ministro de Ilustración Pública e Propaganda asegurou:

*“Non consideramos que as mulleres sexan inferiores, senón máis ben que a súa misión e o seu valor é distinto ao dos homes. Polo tanto, cremos que as mulleres e máis concretamente as alemáns, que son máis mulleres que ningunha outra do mundo no mellor sentido da palabra, deben dedicar a súa forza e habilidades a outras tarefas diferentes ás dos homes”.*²²

Nesta liña, Hitler tamén relegou á muller ao cometido dos coidados e a reprodución e afirmou que *“a finalidade da educación feminina é, inmutablemente, formar ás futuras nais”*²³. As súas palabras non deixan lugar a dúbidas de que elas eran as encargadas de traer ao mundo aos soldados do réxime, encargados a súa vez de conservar o legado nacionalsocialista e protexelo fronte os inimigos:

*“Mociño de sangue alemán, non esquezas que es alemán; mociña de sangue alemá pensa que un día serás nai alemá”.*²⁴

Esta perspectiva do xénero era similar á dos espartanos: as mulleres eran consideradas máquinas reprodutoras cuxa función social era dar a luz varóns que o

²¹ WHIFFEN, T. (s. d.). *To what extent was Hitler’s rule of Nazi Germany similar to life in Sparta?*, p. 1. Academia.

https://www.academia.edu/4761037/To_what_extent_was_Hitlers_rule_of_Nazi_Germany_similar_to_life_in_Sparta

²² GOEBBELS, J. (1934). *Deutsches Frauentum. 25 Discursos seleccionados de Joseph Goebbels*, pp. 118- 126. Munich: German Propaganda Archive.

²³ HITLER, A. (1925). *Mi lucha*, p. 245. Chile: Jusego. Edición electrónica en español (trad. 2003). <https://ia802706.us.archive.org/34/items/MiLucha/milucha.pdf>

²⁴ HITLER, A., *op. cit.* p. 12.

Estado empregaba para defenderse das posibles revoltas dos ilotas, unha clase campesiña que estaba adscrita aos terreos que cultivaban e eran superiores numericamente²⁵ fronte aos ὄμοιοι, é dicir, os cidadáns con plenos dereitos.

Do mesmo xeito, o lexislador espartano Licurgo ligaba a función materna á conservación do status e raza dos lacedemonios²⁶. É neste punto onde xorde a idea de que non todas estaban capacitadas para procrear futuros guerreiros: soamente as mulleres libres de raza pura, mellor preparadas física e psicolóxicamente. De forma similar, Hitler consideraba que:

*“[O Estado] está obrigado a garantir que só os individuos sans teñan descendencia. Debe inculcar que existe un oprobio único: enxendrar estando enfermo ou sendo defectuoso, e debe ser considerado un grande honor o impedir que iso aconteza (...). Pola contra, deberá considerarse execrable o privar á Nación de nenos sans. O Estado terá que ser a garantía dun futuro milenario (...). O Estado ten que poñer os máis modernos recursos médicos ao servizo desta necesidade. Todo individuo notoriamente enfermo e efectivamente tarado, e, como tal, susceptible de seguir transmitindo por herdanza os seus defectos, debe ser declarado inapto para a procreación e sometido a tratamentos esterilizantes. Por outro lado, o Estado ten que velar porque a fecundidade da muller sa non sufra restricións (...)”.*²⁷

Ademais, as espartanas eran educadas para levar a cabo as tarefas domésticas e educar aos seus fillos. Dun xeito similar, o programa escolar nazi contemplaba a formación das mulleres mediante materias que estaban orientadas exclusivamente cara ao coidado infantil, a administración familiar, a reprodución sexual e a importancia da

²⁵ ÁLVAREZ, J. (8 de xullo de 2016). *El exterminio sagrado: de la Krypteia espartana y el Herem judío a los sacrificios humanos aztecas*. La Brújula Verde. <https://www.labrujulaverde.com/2016/07/el-exterminio-sagrado-de-la-krypteia-espartana-y-el-herem-judio-a-los-sacrificios-humanos-aztecas>

²⁶ PIZARRO, N. (2016). El modelo espartano de maternidad y su influencia en el discurso a la mujer promovido por el nacionalsocialismo alemán (1925-1945). *Historias del Orbis Terrarum*, vol. 11, pp. 59-60. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-ElModeloEspartanoDeMaternidadYSuInfluenciaEnElDisc-5874723.pdf>

²⁷ HITLER, A., *op. cit.* p. 238.

pureza racial²⁸. Non obstante, en moitas ocasións os nazis animaron ás máis pequenas a deixar a escola para que nada lles impedise ser nais en idades temperás.

En Esparta, as relaciones adúlteras estaban aceptadas e normalizadas, sempre e cando o amante fora máis alto e forte que o anterior marido, xa que significaba a mellora da especie e a concepción de mellores guerreiros. Pola súa banda, os nazis non consideraban un problema que unha muller solteira tivera un fillo. De feito, todo o contrario.

A finais de 1935, Himmler, xefe das SS e un dos colaboradores máis próximos a Hitler, creou a Fundación Lebensborn, unha especie de experimento secreto cuxo fin era potenciar a reprodución entre soldados nazis e mulleres arias²⁹. Nestes fogares de maternidade, as mulleres pasaban as últimas semanas antes do nacemento do bebé, sendo atendidas e aconselladas para garantir que o embarazo non acabara nun aborto³⁰ e aprendendo todo o que necesitaba saber unha nai alemá.

Xa por último, en ambas sociedades, as nenas practicaban exercicio co propósito de transferir a súa forza e saúde á futura descendencia da nación³¹, pero non os mesmos deportes. Mentres que as lacedemonias participaban en carreiras, loitas ou lanzamento de disco³² e, incluso, na natación ou equitación³³, o nacionalsocialismo considerou que algunhas destas actividades non eran adecuadas para elas.

²⁸ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 51.

²⁹ PAZOS, C. e POLO, D. (2019). Capítulo 5: La figura de la mujer en el nazismo. En *Feminismo, investigación y comunicación: una aproximación plural a la representación de las mujeres*, p. 92. Egregius Ediciones. <https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/87904/Pages%20from%20978-84-17270-83-4-6.pdf?sequence=3&isAllowed=y>

³⁰ PAZOS, C. e POLO, D., *op. cit.*, p. 92.

³¹ PIZARRO, N., *op. cit.* p. 66.

³² OLIVARES, C. (2015). Jenofonte y su ideal de belleza femenina, pp. 95-108. *Centro de Estudios Clásicos, Universidad Nacional Autónoma de México*. <http://www.scielo.org.mx/pdf/novatell/v33n1/0185-3058-novatell-33-01-00095.pdf>

³³ GARCÍA ROMERO, F. (s. d.). El deporte femenino en la Antigua Grecia. *Departamento de Filología Griega y Lingüística Indoeuropea de la Universidad Complutense de Madrid*, p. 6. <https://webs.ucm.es/centros/cont/descargas/documento8399.pdf>

Así, mentres Xenofonte aseguraba que as mulleres debían exercitarse ao igual que os homes³⁴ ou as leis de Licurgo contemplaban a práctica física mixta como unha actividade fundamental para robustecer o corpo³⁵, as nenas nazis non podían participar en actividades como o boxeo, xa que os deportes bélicos, e por conseguinte a instrución militar, estaban restrinxidos aos nenos³⁶.

³⁴ ADAMS, J. (2010). Xenophon on the Spartans. Departament of Modern and Classical Languages and Literatures, Northridge University. <http://www.csun.edu/~hcfl004/sparta-a.html>

³⁵ PIZARRO, N., *op. cit.* p. 61.

³⁶ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 51.

Instrucción militar

A educación militar espartana ou ἀγωγή compartiu o mesmo obxectivo que a nazi: o adestramento dos futuros soldados e, en concreto, dos hoplitas, “a infantería pesada que lle permitiu a Esparta formar o único exército profesional da Grecia clásica”³⁷. Debido a isto, en ambos casos, a formación estaba pensada para conseguir que os seus corpos fosen máis fortes e resistentes, sendo capaces de soportar calquera situación extrema³⁸, como a fame, a dor, a calor ou o frío.

No caso grego, a educación física ocupaba o primeiro posto fronte a aprendizaxe musical e as letras³⁹. Pola súa parte, os nazis tamén modificaron o plan de estudos da República dándolle unha maior importancia á formación física fronte á intelectual⁴⁰. Por esta razón, a práctica de deportes durante o horario escolar ocupaba un mínimo de dúas a tres horas diarias, en 1936, subindo a cinco, en 1938⁴¹.

Este cambio explícase porque os nacionalsocialistas entendían que o exercicio do día a día era tamén unha forma de preparar e adestrar aos futuros soldados do réxime:

“O súbdito novo de nacionalidade alemá ten que realizar o ciclo de instrución escolar, que é obrigatorio para todos os alemáns. Deste modo, sométese á educación que conforma o carácter de todo compatriota alemán, consciente da súa raza e da súa Patria. Despois deberá cumprir cos requisitos de adestramento físico que prescribe o Estado para ingresar finalmente no servizo do Exército. O

³⁷ MARROU, H. I. (1971). *Historia de la educación en la Antigüedad*, p. 41. Madrid: AKAL. <https://cbibliotecavirtual.files.wordpress.com/2017/07/historia-de-la-educacion-en-la-antiguedad-marrou.pdf>

³⁸ DARLINGTON, R. (2005). *Greece: Spartan Society to 371 BC*, p. 31. Londres: Heinemann. <https://archive.org/details/greecespartansocietyto371bc/page/n21/mode/2up>

³⁹ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 40.

⁴⁰ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 48.

⁴¹ THE HOLOCAUST EXPLAINED (s. d.). *Life in Nazi-controlled Europe. Education*. The Wiener Holocaust Library. <https://www.theholocaustexplained.org/life-in-nazi-occupied-europe/controlling-everyday-life/controlling-education/>

Servizo Militar é obrigatorio. Debe abarcar a todos os alemáns, a fin de preparalos física e espiritualmente para as posibles esixencias de combate".⁴²

Como xa se comentou, os nenos eran os que participaban en todo tipo de deportes, sobre todo, no boxeo. Esta actividade permitíalles mellorar a súa resistencia física á vez que normalizaban a violencia⁴³. Ademais, pouco a pouco, todas as materias tenderon a orientarse cara a loita e a *Wehrwissenschaft*, a ciencia militar⁴⁴.

A través da química aprendían sobre explosivos e coas matemáticas realizaban cálculos de artillería ou balística. É significativo este último caso, xa que os novos libros de texto incluían operacións que obrigaban aos máis pequenos a calcular canto lle costaría ao Estado manter viva a unha persoa cunha enfermidade mental nun asilo⁴⁵, ao mesmo tempo que se lían enunciados como o seguinte:

"Un avión de bombardeo pode cargarse cunha bomba explosiva de 35 quilogramos, tres bombas de 100 quilogramos, catro bombas de gas de 150 quilogramos e 200 bombas incendiarias dun quilogramo. ¿Cal é a capacidade de carga? ¿Cantas bombas incendiarias de 0.5 quilogramos se poderían agregar se é aumentada a capacidade de carga nun 50%?".⁴⁶

Hai que ter en conta que, tanto en Esparta como en Alemaña, a aprendizaxe militar estaba contemplada na propia estrutura do sistema educativo: a vida dos máis cativos estaba estandarizada e regulada, sendo divididos en diferentes grupos de idade para fomentar a camaradería e o liderado dos maiores sobre os novos, así como o deber e a disciplina⁴⁷.

A educación nazi comezaba na idade de catro ou cinco anos⁴⁸ e, tras os once anos de escolarización obrigatoria, os alumnos continuaban a súa formación en escolas superiores ou a través do seu ingreso en organizacións como as Xuventudes Hitlerianas.

⁴² HITLER, A., *op. cit.* p. 260.

⁴³ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 49.

⁴⁴ MANN, *op. cit.*, sen paxinación.

⁴⁵ EVANS, R. (2006). *The Third Reich in Power, 1933 - 1939: How the Nazis Won Over the Hearts and Minds of a Nation*, p. 263. Nova Iorque: Penguin.

⁴⁶ MANN, *op. cit.*, sen paxinación.

⁴⁷ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 23.

⁴⁸ WHIFFEN, T., *op. cit.*, p. 2.

Ademais, ao cumprir os 18 debían unirse a un corpo militar onde recibían unha longa preparación:

*“Esta misión [a creación dun corpo capaz de tomar as armas], necesita absolutamente do adestramento militar dos mozos ata agora non educados nese sentido, (...). Coa educación militar dunha ou dúas horas por semana, non se pode realmente conseguir formar soldados. Coas esixencias, hoxe enormemente aumentadas na profesión guerreira, o Servizo Militar de dous anos non é suficiente para transformar aos rapaces en soldados. (...) Unicamente en conxunto con veteranos e experimentados soldados poden estes novos recrutas, educados durante catro a seis meses, ser útiles para un rexemento”.*⁴⁹

Pola súa parte, os nenos espartanos tamén se vían envoltos nun sistema de auto-superación e ascenso constante. Ata os sete anos permanecían en casa coa súa nai ou *nodriza*, despois eran separados do seu núcleo familiar, pasando a formar parte do Estado⁵⁰. Dende ese momento, comezaban a vivir en común con outros mozos e a integrarse en diferentes grupos segundo a súa idade⁵¹: os “infantes”, de oito a once anos; os “chicos”, de doce a quince e os “efebos” ou *eirén*, dos dezaseis aos vinte⁵².

En cada grupo realizaban diversas actividades que debían superar para demostrar a súa valía ata que completaban a súa carreira educativa con vinte ou vinte un anos⁵³. Sobre todo, practicaban deportes atléticos, caza e ximnasia dende unha óptica militar, como por exemplo o manexo de armas a través da esgrima ou o lanzamento de xavelina⁵⁴.

Non obstante, a súa formación militar concedía a mesma relevancia ao adestramento técnico cá preparación moral⁵⁵, ao igual que educación espartana. Esta buscaba encamiñar o carácter dos máis novos conforme a un ideal, o mesmo que o

⁴⁹ HITLER, A., *op. cit.* p. 320.

⁵⁰ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 39.

⁵¹ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 40.

⁵² MARROU, H. I., *op. cit.*, pp. 39-40.

⁵³ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 40.

⁵⁴ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 41.

⁵⁵ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 41-42.

nacionalsozialismo re-utilizou: *“todo se sacrifica polo bienestar e o interese da comunidade nacional”*⁵⁶.

⁵⁶ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 42.

Instrucción moral

Ata o momento,ponse en manifesto como a vida dos máis cativos era moi similar tanto na Alemaña gobernada por Hitler como en Esparta: nos dous réximes os rapaces estaban expostos a un adestramento físico para convertelos en guerreiros. Non obstante, a súa educación tamén buscaba espertar no alumnado un sentido de responsabilidade cara a nación e unha preocupación tanto pola conservación do honor da súa ascendencia como da súa descendencia⁵⁷.

Por iso, o pasado nazi era presentado como unha drama racial a través do que se contaban as fazañas dos heroes arios que loitaran ata a morte para vencer aos seus inimigos, animando aos máis novos a participar na guerra e sacrificarse polo Terceiro Reich⁵⁸. Da mesma forma, o ideal a cumprir para un espartano era o de ser un guerreiro sen medo á morte, capaz de loitar ata o seu final antes que retirarse ou renderse⁵⁹.

Tirteo e Homero foron dous dos principais poetas que a través dos seus versos intentaron transmitir os valores polos que vale a pena perecer. Por un lado, o guerreiro *tirteico* vive preparándose, xustamente, para morrer en batalla⁶⁰ e entende o seu sacrificio como un acto sublime no que se une a dor pola morte física co goce de ser recordado eternamente⁶¹:

*“É belo morrer, en primeira liña, como valente que loita pola súa patria”.*⁶²

Por outro, Homero converteuse nunha figura de autoridade en toda Grecia ata o punto de que os nenos non só estudaban a súa obra como *“instrumento de cultura,*

⁵⁷ MANN, *op. cit.*, sen paxinación.

⁵⁸ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 47.

⁵⁹ DARLINGTON, R., *op. cit.*, p. 31.

⁶⁰ GARCÍA TOMÁS, J. (2010). Una reflexión sobre lo bello y lo sublime en la bella muerte del guerrero espartano. *Journal of Ancient Philosophy*, vol. 4, p. 7. <file:///C:/Users/USER/Downloads/43293-Article%20Text-51657-1-10-20120919.pdf>

⁶¹ GARCÍA TOMÁS, C., *op. cit.*, p. 13.

⁶² MUÑOZ VALLE, I. (1972). Tirteo y Solón. *Estudios clásicos*, tomo 16, nº 65, p. 38. http://interclassica.um.es/index.php/interclassica/investigacion/hemeroteca/e/estudios_clasicos/numero_65_1972/tirteo_y_solon

*historia ou literatura, senón como guía indispensable no seu proceso formativo*⁶³. Por iso, tamén os nenos espartanos, tras aprender a ler en voz alta e a escribir, memorizaban os seus versos⁶⁴.

A través deles, achegábanse ao ideal homérico que, ao igual que Tirteo, transforma o heroísmo en amor pola patria⁶⁵. Ademais, exploraban outros valores como a lealdade, a destreza, a vida en comunidade⁶⁶ e, sobre todo, o concepto de ἀρετή, que representa a excelencia humana⁶⁷.

Ese ideal de perfección foi xustamente o mesmo que os nazis ansiaban alcanzar: a expectativa do home perfecto e, máis concretamente, do neno-soldado criado para morrer polo seu país e o seu líder⁶⁸. De aí que a súa educación incluía aspectos morais, como a coraxe na guerra, o sacrificio por unha causa maior, a devoción a Hitler ou o odio cara aos inimigos de Alemaña⁶⁹.

De acordo con isto, o *curriculum* escolar foi sustentado sobre tres ideas: fe e amor polo *Führer* e aversión cara aos “outros”⁷⁰. Dado que a cuestión racial é tratada no seguinte apartado, o que agora interesa é xustamente ese compoñente na ensinanza nazi que insuflaba un culto exacerbado cara a personalidade de Hitler.

Todo xiraba en torno ao *Führer*. Por un lado, a xuventude alemá celebraba o seu aniversario (20 de abril), momento no que xuraban lealdade e prometían servir á nación e ao seu líder como futuros soldados⁷¹. Por outro, o seu retrato estaba sempre presente

⁶³ ANGULO, A. e CHACÓN Y. (2018). Homero: el primer maestro de la humanidad. *Revista Internacional de Investigación y Formación Educativa*, enero-marzo, p. 4. <https://www.ensi.edu.mx/wp-content/uploads/2018/06/Homero-el-primer-maestro-de-la-humanidad.pdf>

⁶⁴ GARCÍA ÁLVAREZ, C. (2010). Homero, educador de Occidente. *Herencia: Estudios literarios, lingüísticos y creaciones artísticas*, vol. 2, nº 2, p. 60. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-HomeroEduadorDeOccidente-3401178.pdf>

⁶⁵ MUÑOZ VALLE, I., *op. cit.*, p. 37.

⁶⁶ GARCÍA ÁLVAREZ, C., *op. cit.*, p. 60.

⁶⁷ ANGULO, A. e CHACÓN Y., *op. cit.*, p. 5.

⁶⁸ UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM (s. d.). *El adoctrinamiento de la juventud*. Enciclopedia del Holocausto. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/indoctrinating-youth>

⁶⁹ EVANS, R., *op. cit.*, p. 263.

⁷⁰ MANN, *op. cit.*, sen paxinación.

⁷¹ UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM, *op. cit.*

nas clases e nos libros de texto⁷², acompañado de exhortacións que fomentaban un fanatismo cego.

Non obstante, aínda que Hitler foi unha das caras máis visibles que representaban o nacionalsocialismo, detrás del había outros moitos nomes que converteron a educación en un mecanismo de adoutramento, como o de Kurt Petter, un administrador das Adolf-Hitler-Schulen⁷³. Xustamente, no prólogo do seu primeiro libro de texto publicado en 1940, *Sparta: Der Lebenskampf einer nordischen Herrenschrift* (*Esparta: a loita pola vida dun cabaleiro nórdico*) pódese ler o seguinte⁷⁴:

“Moitas das ideas e preceptos cos que os espartanos organizaron e dirixiron o seu Estado e cos que educaron aos seus futuros líderes, tamén teñen validez para nós. Porén, non debemos repetir os erros que causaron a súa caída. Queremos axudar ao Führer a construír un grande Reich. Esparta, polo tanto, debe ser un exemplo e debemos admiralo!”

Ante tal afirmación, é doado ler entre liñas que o obxectivo do nazismo non era só imitar os valores espartanos de comunidade (*Gemeinschaft*⁷⁵) e camaradería (*Kameradschaft*⁷⁶) e reivindicar un sentimento de auto-afirmación dun suposto pasado glorioso, senón tamén proxectar un argumento de superación, convencendo á xuventude alemá de que grazas á ideoloxía nazi podían construír un futuro mellor:

“Canto maiores sexan as obras dun home para o futuro, menos serán estas comprendidas polo presente; canto máis dura sexa a loita, tanto máis será o éxito. Se en anos nada lle sorrí, é posible que nos seus últimos días lle rodee un tenue halo de gloria futura. (...) A coroa de loureiro do presente ponse máis frecuentemente na cabeza do heroe moribundo. Entre eles están os grandes

⁷² UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM, *op. cit.*

⁷³ ROCHE, H. (2012). Chapter 8. Spartanische pimpfe: the importance of Sparta in the educational ideology of the Adolf Hitler schools, p. 315. En *Sparta in Modern Thought: Politics, History and Culture* (ed. HODKINSON S. e MORRIS M.). http://www.academia.edu/193118/Spartanische_Pimpfe_The_Importance_of_Sparta_in_the_Educational_Ideology_of_the_Adolf_Hitler_Schools

⁷⁴ ROCHE, H., *op. cit.* p. 315.

⁷⁵ ROCHE, H., *op. cit.* p. 319.

⁷⁶ ROCHE, H., *op. cit.* p. 319.

*loitadores que, incomprendidos polo presente, están decididos a loitar polas súas ideas e ideais”.*⁷⁷

⁷⁷ HITLER, A., *op. cit.* p. 130.

Instrucción racial

A intención de enxendrar a raza perfecta influíu fortemente en ambas sociedades, poñendo a cuestión racial sobre a mesa. Os rapaces que ingresaban na ἀγωγή e nas escolas nazis debían demostrar a súa pureza: o nacionalsocialismo privaban a entrada a calquera neno ou nena con ascendencia xudía, así como aos descendentes de razas que consideraban inferiores⁷⁸ e, da mesma maneira, os espartanos negábanlle a educación a calquera persoa que non fose descendente dun *espartita* ou ὁμοιοί⁷⁹.

Por un lado, en Esparta os bebés máis débiles eran abandonados e sacrificados: cando nacía un varón, era examinado para determinar se era apto para ser criado ou, pola contra, se se debía deixar morrer⁸⁰. Na Alemaña nazi, os que nacían con “defectos” eran separados das súas nais e asasinados.

De feito, en 1933 foi promulgada a *Lei para a Prevención de Descendencia con Enfermidades Xenéticas*. A través desta, calquera home ou muller que presentara síntomas de padecer esquizofrenia, epilepsia, cegueira, xordeira ou deformidade física severa, entre outras enfermidades, era eliminado do sistema⁸¹.

Por outro, é máis que evidente que a ideoloxía nazi recorreu ao odio e á opresión dos que eran considerados inferiores para xustificar a existencia dun inimigo común contra o cal unirse e loitar⁸², lexitimándose todo tipo de crimes e atrocidades, como o holocausto xudeu. Tamén en Esparta se impartiu unha educación discriminatoria que levou á opresión de minorías, a súa persecución e sacrificio: a *Krypteia*.

É complexo saber con exactitude en que consistía, xa que existen diferentes versións segundo os autores, entre os que podemos citar a Tucídides⁸³, Plutarco ou

⁷⁸ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 14.

⁷⁹ DARLINGTON, R., *op. cit.*, p. 25.

⁸⁰ DARLINGTON, R., *op. cit.*, p. 31.

⁸¹ UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM (s. d.). *El estado biológico: higiene racial nazi, 1933-1939*. Enciclopedia del Holocausto. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/the-biological-state-nazi-racial-hygiene-1933-1939>

⁸² WHIFFEN, T., *op. cit.*, p. 1.

⁸³ ÁLVAREZ, J., *op. cit.*

Licurgo⁸⁴. Non obstante, aínda que segue sendo unha verdadeira incógnita, poderíase definir como unha proba física e moral que naceu da estratificación da sociedade espartana e tamén do seu propio sistema de valores⁸⁵.

É posible que esta especie de rito iniciático se levase a cabo tamén como un mecanismo de control para evitar os posibles levantamentos dos ilotas, xa que supoñían una ameaza potencial para os donos das terras que traballaban pola súa superioridade numérica. Isto explicaría por que as autoridades da *polis* periodicamente enviaban ao campo aos mozos que consideraban máis intelixentes e fortes⁸⁶. Alí, permanecían ocultos de día, mentres que pola noite saían dos seus agochos para atacar e asasinar a todos os ilotas que atopaban⁸⁷.

Paralelamente, os nazis estableceron a súa propia *Krypteia*: as xa citadas *Napolas* e *Adolf-Hitler-Schulen (AHS)*. O propio Hitler fixo esta referencia ao adestramento dos mozos alemáns nestas institucións⁸⁸:

*“O seu labor educativo deberá estar organizado de tal maneira que o corpo do neno sexa tratado convenientemente dende a primeira infancia, para que así adquira o talante físico necesario”.*⁸⁹

No caso das *Napolas*, o réxime impulsou a súa creación coa finalidade de formar ao alto persoal do goberno e do exército nazi. Eran internados, sobre todo masculinos, nos que se poñía a proba a resistencia física dos participantes mediante xogos bélicos que podían durar varios días. Ademais, as clases adoitaban ser ao aire libre e o alumnado realizaba diversas viaxes por dentro e fóra de Alemaña.

As *AHS* aceptaban a certos alumnos preseleccionados polas Xuventudes Hitlerianas. Ao igual que nas *Napolas*, os criterios de selección eran: o aspecto físico, a

⁸⁴ DUCAT, J. (2006). *Spartan education. Youth and Society in the Classical Period*, pp. 27-28. Gales: The Classical Press of Wales. file:///C:/Users/USER/Downloads/spartan-education-youth-and-society-in-the-classical-period_compress.pdf

⁸⁵ ÁLVAREZ, J., *op. cit.*

⁸⁶ DARLINGTON, R., *op. cit.*, p. 30.

⁸⁷ ÁLVAREZ, J., *op. cit.*

⁸⁸ ÁLVAREZ, J., *op. cit.*

⁸⁹ HITLER, A., *op. cit.* p. 238.

saúde, a orixe aria indiscutible e a pertenza ás Xuventudes Hitlerianas, así como a capacidade de liderado ou a obediencia. A diferenza principal era a idade de ingreso: nas *Napolas*, era entre os doce e trece anos; nas *AHS*, aos dez⁹⁰.

No caso de Alemaña, a súa política racista e antisemita culminou co que se coñece como hixiene racial (*Rassenhygiene*) e, posteriormente, co exterminio de todas aquelas persoas e colectivos que non estaban de acordo cos plans e métodos do *Führer* (*Vernichtungspolitik*). Esta narrativa foi implantada nas escolas, onde se produciu un cambio curricular drástico: incluíronse novas disciplinas, entre as que podemos destacar, xustamente, as “Ciencias Raciais”.

Nelas, ensinábanselles aos nenos que os arios eran superiores moral e fisicamente e que a súa misión era a de gobernar a todas as demais persoas e vencer aos débiles⁹¹. Xustamente, no capítulo “Pobo e raza” do *Mein Kampf*, Hitler resume en dúas liñas esta forma de concibir a realidade:

*“O papel do máis forte é dominar. Non debe mesturarse co débil, sacrificando así a súa propia grandeza”.*⁹²

Neste sentido, *Der Giftpilz*, de Ernst Hiemmer, *Herdanza e Bioloxía Racial para estudantes*, de Jakob Graf, ou *Novos fundamentos da ciencia racial*, de Hermann Gauch, foron algúns dos libros de texto elaborados e empregados para ensinar as “Ciencias Raciais”. Páxina tras páxina, propagaban e normalizaban doutrinas racistas, fundamentalmente contra a comunidade xudía, co propósito de provocar odio cara aos considerados “inimigos de Alemaña”.

Os libros de bioloxía tamén reforzaban os puntos de vista de Hitler sobre a raza. Neles mostrábanse as diferencias físicas entre xudeus e alemáns. Desta forma, os máis novos aprendían a identificalos polo tamaño do seu nariz ou as marcas da circuncisión fronte aos trazos arios, como os ollos e pel claras ou o cabelo liso e rubio:

⁹⁰ KATER, M. H. (2004). *Hitler youth*. Cambridge: Harvard University Press, p. 202.

⁹¹ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 50.

⁹² HITLER, A., *op. cit.* p. 173.

*“Medían as súas cabezas con cintas métricas, comparaban a cor dos seus ollos e a textura do seu cabelo con táboas e construían as súas propias árbores xenealóxicas para establecer a súa ascendencia biolóxica”.*⁹³

Ademais, en Esparta a aparencia dos nenos, en particular, e dos homes, en xeral, xogou un papel fundamental. Para eles, o cabelo longo e a corpulencia eran algunhas dos signos de identidade dos bos guerreiros⁹⁴:

*“Dise que a raza nórdica estaba formada por persoas altas e esveltas, de cara pequena, nariz alta, pel branca e rosada, cabelos louros lisos e claros, ollos azuis e grises”.*⁹⁵

Pola súa parte, Xenofonte afirmaba:

*“[Licurgo] concibía que parecían de maior estatura, máis libres e indomables, e de un aspecto máis temible”.*⁹⁶

Para rematar, debemos entender que a apoloxía deses discursos xenófobos, da violencia, da censura, da represión e da limpeza étnica foron o resultado lóxico da cosmovisión⁹⁷, os intereses políticos e as necesidades militares concretas da Alemaña nazi⁹⁸. Esta ideoloxía determinou que os nacionalsocialistas, ao igual que os espartanos, sinalaran un colectivo ao que discriminar e exterminar por non cumprir cos seus estándares sociais e raciais.

⁹³ HASTE, C. (2001). *Nazi women: Hitler's seduction of a nation*, p. 101. Londres: Channel 4.

⁹⁴ WHIFFEN, T., *op. cit.*, p. 4.

⁹⁵ KEELEY, J., *op. cit.*, p. 30.

⁹⁶ FLING, F. (1907). *A Source Book of Greek History*. Boston: D. C. Heath. Texto escaneado: *Xenophon. The Spartan war machine*. Recursos de Historia Antiga, Fordham University. <http://www.fordham.edu/Halsall/ancient/xenophon-spartanwar.asp>

⁹⁷ ZADOFF, E. (2004). La ideología nazi y sus raíces, p. 24. *SHOÁ, Enciclopedia del Holocausto*. https://www.yadvashem.org/yv/es/holocaust/about/docs/nazi_racial_ideology_fraenkel.pdf

⁹⁸ ZADOFF, E., *op. cit.*, p. 1.

CONCLUSIONES

Ata finais do século XX, Esparta foi tomada como un dos principais referentes do pensamento occidental ao encarnar valores como a valentía, o patriotismo, o servizo á comunidade ou o sacrificio⁹⁹. Xustamente por iso, na Alemaña nazi foi utilizada non só como un modelo a imitar, senón como unha xustificación para aspirar a un próspero destino¹⁰⁰.

Pola súa enorme influencia no futuro da nación e dos seus cidadáns, o aparello social e cultural erixido durante o réxime concedeulle prioridade á educación da xuventude alemá. De feito, o nacionalsocialismo era en si mesmo un movemento “rexenerador” que buscaba captar á xente nova, quen adoita ser máis manipulable e susceptible aos cambios. Neste caso, traídos da man do *Führer*.

A partir de 1933, a vida de cada ser humano en Alemaña viuse afectada pola chegada de Hitler ao poder. Neste contexto, os cidadáns víronse obrigados a recoñecer e asumir que eran ante todo nacionalsocialistas fieis aos métodos e crenzas defendidas polo seu líder¹⁰¹. Neste contexto, o grupo social máis condicionado polas doutrinas nazis foron xustamente os nenos e as nenas alemáns.

É obvio que as motivacións do réxime eran desenvolver e promover un plan educativo de propaganda e adoutramento político. Por este motivo, o propio programa nazi facía ocupar á xuventude un lugar central e privilexiado, nun intento de formar cidadáns conscientes da súa raza, dispostos a sacrificarse “por aquilo que se ama”¹⁰², é dicir, a patria e o *Führer*.

O nacionalsocialismo converteu aos máis cativos nunha poderosa forza política que daría forma a unha grande potencia¹⁰³. Con este propósito, a educación buscaba

⁹⁹ FORNIS, César, *op. cit.*, p. 211.

¹⁰⁰ MAS, S. (2014). *Alemania y el mundo clásico (1896-1945)*, p. 366. Madrid: Plaza y Valdés Editores.

¹⁰¹ MANN, *op. cit.*, sen paxinación.

¹⁰² HITLER, A., *op. cit.*, p. 25.

¹⁰³ BARTOLETTI, S. C. (2006). *Juventude hitlerista: a historia dos meninos e das meninas nazistas e a dos que resistiram* (trad. Beatriz Horta). Rio de Janeiro: Relume-Dumará, p. 13-14.

instruír a un país de soldados¹⁰⁴ e ás futuras nais dun exército capaz de recuperar e, incluso, superar a gloria e honra herdada dos arios.

Isto explica por que ata 1945 se mantivo un sistema escolar cunha ideoloxía e estética totalitaria. Os nazis adoptaron e adaptaron as bases do modelo educativo espartano, o cal estaba sustentado nunha formación xerarquizada e militarizada¹⁰⁵. Ademais, reproduciron os valores característicos deste: o autoritarismo, a insensibilidade, o odio, a disciplina, a obediencia e a violencia¹⁰⁶.

En definitiva, a pesar dos dous mil anos que separan a estas etapas históricas e salvando as distancias entre as súas estruturas sociais e políticas concretas, pódese afirmar que a vida dos máis pequenos estaba marcada por unas directrices e obxectivos semellantes. En ambos casos, puxéronse en marcha numerosos mecanismos de control ideolóxico, convertendo a educación nun verdadeiro instrumento de adoutrinamento.

Os fillos e fillas do Estado nazi foron convencidos e convencidas de que compartían unhas raíces comúns cos arios e, en consecuencia, debían loitar polos mesmos valores ca o pobo espartano: a lealdade, o valor, a disciplina, a gloria, a pureza racial, a morte e o recordo eterno.

¹⁰⁴ MARROU, H. I., *op. cit.*, p. 35.

¹⁰⁵ FORNIS, César (2020). De héroes a antihéroes: los espartanos en la historiografía europea de la primera mitad del siglo XIX. *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*. Revista Digital del Grupo de Estudios del Siglo XVIII, nº 26, p. 219. <file:///C:/Users/USER/Downloads/5387-Texto%20del%20art%C3%ADculo-30667-2-10-20210714.pdf>

¹⁰⁶ ADORNO, T.W (2010). Teoría da Semiformação. En *Teoría Crítica e inconformismo: novas perspectivas de pesquisa*, pp. 7-40.







Was kostet die Betreuung Erbkranker?	
Es kostet  1 Jahr Krankenhaus	3000 RM Dafür müssen ihren Jahreslohn hergeben 
 7 Jahre Erziehungsanstalt	7000 RM 
 10 Jahre Irrenanstalt	17000 RM 

Figura 1. Exercício de matemáticas dun dos libros de texto que se introduciron durante o nazismo para a ensinanza das “Ciencias raciais”¹⁰⁷

No enunciado pódese ler: “canto custa á atención a persoas con enfermidades hereditarias?”. O obxectivo era demostrar que as persoas con diversidade funcional ou en situación de dependencia supoñían unha grande carga financeira para o Estado¹⁰⁸, fomentando así o rexeitamento, a discriminación e outras condutas de *disfobia*.




Figura 2. Portada de Der Giftpilz¹⁰⁹

Este é un exemplo de libro de texto empregado polos nazis para sustentar as súas doutrinas antisemitas. O seu título significa “O fungo venenoso”, facendo referencia á dificultade de diferenciar entre os fungos venenosos dos comestibles, é dicir, as persoas xudías das non xudías¹¹⁰.

¹⁰⁷ THE HOLOCAUST EXPLAINED (s. d.). *Life in Nazi-controlled Europe. Education*. The Wiener Holocaust Library. <https://www.theholocaustexplained.org/life-in-nazi-occupied-europe/controlling-everyday-life/controlling-education/>

¹⁰⁸ THE HOLOCAUST EXPLAINED, *op. cit.*

¹⁰⁹ HIEMMER, E. (1938). *Der Giftpilz*. <https://www.pecina.cz/files/Giftpilz.pdf>

¹¹⁰ THE HOLOCAUST EXPLAINED, *op. cit.*

einen Juden erkennt




Figura 3. Páxina do Der Giftpilz ¹¹¹

O título que acompaña esta ilustración di: “Recoñecer a un xudeu”. Xusto debaixo, lese: “O nariz do xudeu está dobrado na punta. Parece un seis...”.



Figura 4. Páxina de A cuestión xudía na educación ¹¹²

A cuestión xudía na educación foi outro dos libros de texto publicados coas pautas de "identificación" das persoas xudías, sostendo que tiñan rostros diferentes aos arios¹¹³. Foi escrito por Julius Streicher e publicado en 1937.

¹¹¹ HIEMMER, E., *op. cit.*, p. 10.

¹¹² SIMKIN, J. (1997). *Education in Nazi Germany*. Spartacus Educational. <https://spartacus-educational.com/GEReducation.htm>

¹¹³ SIMKIN, J., *op. cit.*



Figura 5. Estudante alemá nunha clase de “Ciencias raciais” ¹¹⁴



Figura 6. Portada dun libro escolar nazi ¹¹⁵

Nesta folla, xunto a sinatura de Hitler, pódese ler: “Se queres vivir, tes que loitar, e se non queres estar neste mundo de eterna loita, non mereces vivir”.

¹¹⁴ SIMKIN, J., *op. cit.*

¹¹⁵ SIMKIN, J., *op. cit.*




Figura 7 e 8. Rapaces aprendendo a disparar nun campo de tiro e a boxear durante unha clase de educación física ¹¹⁶

A preparación militar era unha parte fundamental da educación nazi, destacando a práctica de deportes como o tiro ou o boxeo.



Figura 9. Rapaces facendo o saúdo nazi nunha escola ¹¹⁷

¹¹⁶ KEELEY, Jennifer (1974). *Life in the Hitler Youth*. California: Lucent Books, pp. 44 e 50.
<https://media.oipdf.com/pdf/413d76a7-4fb3-45bf-a1a7-ba4b32e70ffc.pdf>

¹¹⁷ SIMKIN, J., *op. cit.*



Figura 10. Cartel de propaganda estudiantil nazi

No cartel pódese ler a seguinte mensaxe: “Os estudantes son propagandistas do Führer. O 29 de marzo, colexios e escolas técnicas comprométense co movemento de liberdade alemán”. Débese ter en conta que nesa data en 1936 celebráronse unhas eleccións para escoller o *Reichstag*, os membros do parlamento alemán¹¹⁸.

¹¹⁸ NOHLEN, D. e STÖVER, P. (2010). *Elections in Europe: A data handbook*, p. 762. Bos Aires: Nomos.

BIBLIOGRAFÍA

ADAMS, J. (2010). Xenophon on the Spartans. *Department of Modern and Classical Languages and Literatures, Northridge University*. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <http://www.csun.edu/~hcfl004/sparta-a.html>

ADORNO, T.W. (2010). Teoria da Semiformação. En *Teoria Crítica e inconformismo: novas perspectivas de pesquisa*, pp. 7-40.

ÁLVAREZ, J. (2016). *El exterminio sagrado: de la Krypteia espartana y el Herem judío a los sacrificios humanos aztecas*. La Brújula Verde. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://www.labrujulaverde.com/2016/07/el-exterminio-sagrado-de-la-krypteia-espartana-y-el-herem-judio-a-los-sacrificios-humanos-aztecas>

ANGULO, A. e CHACÓN Y. (2018). Homero: el primer maestro de la humanidad. *Revista Internacional de Investigación y Formación Educativa*, xaneiro-marzo. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://www.ensj.edu.mx/wp-content/uploads/2018/06/Homero-el-primer-maestro-de-la-humanidad.pdf>

BARTOLETTI, S. C. (2006). *Juventude hitlerista: a história dos meninos e das meninas nazistas e a dos que resistiram* (trad. Beatriz Horta). Rio de Janeiro: Relume-Dumará.

BLACKBURN, G. W. (1985). *Education in the Third Reich*. New York: State University of New York Press.

BRACHER, K. D. e GARMENDIA, J. A. (1973). *La dictadura alemana: génesis, estructura y consecuencias del nacionalsocialismo*. Madrid: Alianza.

BROWN, S. T. (2009). Chapter 5: Between Gleichschaltung and Revolution. En *Weimar Radicals: Nazis and Communists between Authenticity and Performance*, pp. 121-148. Berghahn Books. Última consulta o 5 de xullo de 2022. https://www.berghahnbooks.com/downloads/chapters/BrownWeimar_05.pdf

CARTLEDGE P. (2004). What have the Spartans done for us? Sparta's contribution to Western Civilization. *Greece and Rome*, Second Series, vol. 5, nº 2, pp. 164-179. Última consulta o 5 de xullo de 2022. https://www.jstor.org/stable/3567809?seq=1#page_scan_tab_contents

CHAPOUTOT, J. (2016). *Greeks, Romans, Germans: How the Nazis Usurped Europe's Classical Past*. California: University of California Press.

DARLINGTON, R. (2005). *Greece: Spartan Society to 371 BC*. Londres: Heinemann. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://archive.org/details/greecespartansocietyto371bc/page/n21/mode/2up>

DÍEZ ESPINOSA, J. R. (2011). Capítulo 1: La Comunidad Nacionalista, escuela de pequeños héroes. En *Héroes y villanos en la Historia*, pp. 15-35. Cádiz: Ubi Sunt.

DUCAT, J. (2006). *Spartan education. Youth and Society in the Classical Period*. Gales: The Classical Press of Wales. Última consulta o 7 de xullo de 2022. file:///C:/Users/USER/Downloads/spartan-education-youth-and-society-in-the-classical-period_compress.pdf

EVANS, R. (2006). *The Third Reich in Power, 1933 - 1939: How the Nazis Won Over the Hearts and Minds of a Nation*. Nova Iorque: Penguin.

FIGIEL, D. (2014). The experience of the Hitler Youth - boys in national-socialism. *Journal of Education Culture and Society*, nº 2, pp. 112-125. Última consulta o 7 de xullo

de

2022.

https://www.researchgate.net/publication/307820976_The_experience_of_the_Hitler_Youth_-_boys_in_national-socialism

FLING, F. (1907). *A Source Book of Greek History*. Boston: D. C. Heath. Texto escaneado: *Xenophon. The Spartan war machine*. Recursos de Historia Antiga, Fordham University. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <http://www.fordham.edu/Halsall/ancient/xenophon-spartanwar.asp>

FORNIS, César (2020). De héroes a antihéroes: los espartanos en la historiografía europea de la primera mitad del siglo XIX. *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo. Revista Digital del Grupo de Estudios del Siglo XVIII*, nº 26, pp. 211-223. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/5387-Texto%20del%20art%C3%ADculo-30667-2-10-20210714.pdf>

GARCÍA ÁLVAREZ, C. (2010). Homero, educador de Occidente. *Herencia: Estudios literarios, lingüísticos y creaciones artísticas*, vol. 2, nº 2, pp. 59-66. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-HomeroEduadorDeOccidente-3401178.pdf>

GARCÍA ROMERO, F. (s. d.). El deporte femenino en la Antigua Grecia. *Departamento de Filología Griega y Lingüística Indoeuropea de la Universidad Complutense de Madrid*, pp. 1-24. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://webs.ucm.es/centros/cont/descargas/documento8399.pdf>

GARCÍA TOMÁS, J. (2010). Una reflexión sobre lo bello y lo sublime en la bella muerte del guerrero espartano. *Journal of Ancient Philosophy*, vol. 4. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/43293-Article%20Text-51657-1-10-20120919.pdf>

GOEBBELS, J. (1934). *Deutches Frauentum. 25 Discursos seleccionados de Joseph Goebbels*, pp. 118- 126. Munich: German Propaganda Archive.

HASTE, C. (2001). *Nazi women: Hitler's seduction of a nation*. Londres: Channel 4.

HERMAN G. (s. d.). Sparta as the political ideal for Germany during the 2nd World War (1939-1945). *Seminar Paper 39337. Sparta: Ideal and Reality*. Última consulta o 7 de xullo de 2022. http://www.academia.edu/8024478/Sparta_in_Nazi_Germany

HIEMMER, E. (1938). *Der Giftpilz*. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://www.pecina.cz/files/Giftpilz.pdf>

HITLER, A. (1925). *Mi lucha*. Edición electrónica en español (trad. 2003). Chile: Jusego. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://ia802706.us.archive.org/34/items/MiLucha/milucha.pdf>

HODKINSON, S. (2013). New Approaches to Classical Sparta. *Journal of Classics Teaching*, nº 27, pp. 16-25. Última consulta o 5 de xullo de 2022. https://www.academia.edu/41503277/New_Approaches_to_Classical_Sparta_2013

JAEGER, W. (2001). *Paideia: Los Ideales de la Cultura Griega* (trad. Joaquín Xiral). México: Fondo de Cultura Económica. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://detemasytemas.files.wordpress.com/2012/05/32726025-werner-jaeger-paideia-los-ideales-de-la-cultura-griega-iii.pdf>

KATER, M. H. (2004). *Hitler youth*. Cambridge: Harvard University Press.

KEELEY, J. (1974). *Life in the Hitler Youth*. California: Lucent Books. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://media.oaipdf.com/pdf/413d76a7-4fb3-45bf-a1a7-ba4b32e70ffc.pdf>

LOBO BEJARANO, L. G. (2015). Homero, educador del pueblo griego. *Repertorio americano, Segunda Nueva Época*, nº 25, xaneiro-decembro, pp. 277-282. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/9319-Texto%20del%20art%C3%ADculo-29482-1-10-20170517.pdf>

MANN, E. (2014). *School for Barbarians*. Estados Unidos: Literary Licensing. Última consulta o 5 de xullo de 2022 en <https://www.perlego.com/>

MARROU, H. I. (1971). *Historia de la educación en la Antigüedad*. Madrid: AKAL. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://cbibliotecavirtual.files.wordpress.com/2017/07/historia-de-la-educacion-en-la-antiguedad-marrou.pdf>

MAS, S. (2014). *Alemania y el mundo clásico (1896-1945)*. Madrid: Plaza y Valdés Editores.

MUÑOZ VALLE, I. (1972). Tirteo y Solón. *Estudios clásicos*, tomo 16, nº 65, pp. 33-56. Última consulta o 5 de xullo de 2022. http://interclassica.um.es/index.php/interclassica/investigacion/hemeroteca/e/estudios_clasicos/numero_65_1972/tirteo_y_solon

NOHLEN, D. e STÖVER, P. (2010). *Elections in Europe: A data handbook*. Bos Aires: Nomos.

OLIVARES, C. (2015). Jenofonte y su ideal de belleza femenina. *Centro de Estudios Clásicos, Universidad Nacional Autónoma de México*, pp. 95-108. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <http://www.scielo.org.mx/pdf/novatell/v33n1/0185-3058-novatell-33-01-00095.pdf>

OSSENBACH, S. G. (2012). Capítulo 9: La educación en el fascismo italiano y el nacional-socialismo alemán. En *Historia de la Educación. Edad Contemporánea*, pp. 206-221. UNED. Última consulta o 5 de xullo de 2022. [file:///C:/Users/USER/Downloads/Historia%20de%20la%20educaci%C3%B3n%20\(edad%20contempor%C3%A1nea\)%20\(Tiana%20Ferrer%20etc.\)%20\(z-lib.org\)%20\(1\).pdf](file:///C:/Users/USER/Downloads/Historia%20de%20la%20educaci%C3%B3n%20(edad%20contempor%C3%A1nea)%20(Tiana%20Ferrer%20etc.)%20(z-lib.org)%20(1).pdf)

PAZOS, C. e POLO, D. (2019). Capítulo 5: La figura de la mujer en el nazismo. En *Feminismo, investigación y comunicación: una aproximación plural a la representación de las mujeres*, pp. 85-107. Egregius Ediciones. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/87904/Pages%20from%20978-84-17270-83-4-6.pdf?sequence=3&isAllowed=y>

PÉREZ, G. (2002). Origen y evolución de la Pedagogía Social. *Segunda época, Revista universitaria*, nº 9, pp. 193-231. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-OrigenYEvolucionDeLaPedagogiaSocial193-995026.pdf>

PINE, Lisa (2010). *Education in Nazi Germany*. Londres: Bloomsbury. Última consulta o 5 de xullo de 2022 en <https://www.perlego.com/>

PIZARRO, N. (2016). El modelo espartano de maternidad y su influencia en el discurso a la mujer promovido por el nacionalsocialismo alemán (1925-1945). *Historias del Orbis Terrarum*, vol. 11, pp. 53-75. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <file:///C:/Users/USER/Downloads/Dialnet-ElModeloEspartanoDeMaternidadYSuInfluenciaEnElDisc-5874723.pdf>

ROCHE, H (2012). Chapter 8. Spartanische pimpfe: the importance of Sparta in the educational ideology of the Adolf Hitler schools, pp. 315-342. En *Sparta in Modern Thought: Politics, History and Culture* (ed. HODKINSON S. e MORRIS M.). Última consulta o 5 de xullo de 2022.

<http://www.academia.edu/193118/ Spartanische Pimpfe The Importance of Sparta in the Educational Ideology of the Adolf Hitler Schools>

ROITBERG, G.; BAPTISTA, F. e GOMES, L. (2020). Expositions of 'degenerate' art and music in nazi Germany: reflections on totalitarian aesthetics and education. *Revista Digital do LAV*, vol. 13, nº 3, pp. 97-113. Última consulta o 5 de xullo de 2022. <https://www.researchgate.net/publication/349183058 Expositions of 'degenerate' art and music in nazi Germany reflections on totalitarian aesthetics and education>

SIMKIN, J. (1997). *Education in Nazi Germany*. Spartacus Educational. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://spartacus-educational.com/GEReducation.htm>

TAYLOR, J. e SHAW, W. (1987). *Dictionary of the Third Reich*. Londres: Grafton.

THE HOLOCAUST EXPLAINED (s. d.). *Life in Nazi-controlled Europe. Education*. The Wiener Holocaust Library. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://www.theholocaustexplained.org/life-in-nazi-occupied-europe/controlling-everyday-life/controlling-education/>

TRUEMAN, C. N. (9 de marzo de 2015). *The Role of Women in Nazi Germany*. History Learning Site. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <http://www.historylearningsite.co.uk/Women Nazi Germany.htm>

UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM (s. d.). *El adoctrinamiento de la juventud*. Enciclopedia del Holocausto. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/indoctrinating-youth>

UNITED STATES HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM (s. d.). *El estado biológico: higiene racial nazi, 1933-1939*. Enciclopedia del Holocausto. Última consulta o 7 de xullo de 2022. <https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/the-biological-state-nazi-racial-hygiene-1933-1939>

WHIFFEN, T (s. d.). *To what extent was Hitler's rule of Nazi Germany similar to life in Sparta?* Academia. Última consulta o 5 de xullo de 2022.

https://www.academia.edu/4761037/To_what_extent_was_Hitlers_rule_of_Nazi_Germany_similar_to_life_in_Sparta

ZADOFF, E. (2004). La ideología nazi y sus raíces. *SHOÁ, Enciclopedia del Holocausto*. Última consulta o 5 de xullo de 2022.

https://www.yadvashem.org/yv/es/holocaust/about/docs/nazi_racial_ideology_fraenkel.pdf